

A HISTORIA DE SOULEYMANE

1514

Boris Lojkine, 2024

ESTREA EN NUMAX: 30.04.2025 | V.O.S.E. | +12 | 92 min

Mentres pedalea polas rúas de París para repartir comidas, Souleymane repite as súas historias. En dous días ten que pasar a entrevista de solicitude de asilo, a clave para obter papeis. Pero Souleymane non está preparado.

«Cinema entendido como territorio de debate público, que discute o papel do Estado e interpela directamente o público»

Eulàlia Iglesias, FOTOGRAMAS



Entrevista con Boris Lojkine: «Non quería que houbera ningún vilán na historia»

Por Fabien Lemercier

A trama d'A historia de Souleymane constitúe unha auténtica conta atrás duns tres días. Tiña moitas ganas de facer unha película que se desenvolvese en pouco tempo. Sempre me atraeu o cinema romanés, e sinto unha gran admiración por *4 meses, 3 semanas, 2 días* (2007), de Cristian Mungiu, así como —aínda que se trate dun xénero completamente distinto— polas películas dos irmáns Safdie. Quería que a película fose enérxica e trepidante, e esta idea encaixaba perfectamente co personaxe do repartidor en bicicleta. Por outra banda, o feito de que sexa unha película de curta duración tamén nos leva a prestar atención aos pequenos detalles da vida cotiá. Como a película está practicamente rodada en tempo real, dáenos a oportunidade de seguir todos os seus movementos, o cal vai da man coa miña intención de facer unha película realista.

Este breve espazo de tempo, con todo, é suficiente para cubrir todas as facetas da vida de Souleymane, que van desde o seu complicado día a día ata a súa obsesiva procura de asilo, pasando polo que tivo que deixar atrás no seu país de orixe, que se revela mediante as chamadas por FaceTime. Para min, era moi importante reflectir a dimensión máis persoal do personaxe, e iso é algo que queda patente nas chamadas telefónicas á súa nai e á súa noiva —que acaba pasando a ser a súa ex—. É por iso que non é un personaxe como calquera outro, non é un simple inmigrante nin un simple solicitante de asilo, é un home cunha historia persoal detrás, unha historia de amor que non se espera necesariamente deste tipo de personaxe nunha película social na que describimos as súas condicións de traballo e a súa situación administrativa. Isto confírelle un rostro humano e deixar de ser unha simple vítima, porque el tamén é capaz de tomar unha decisión, mesmo en días tan complicados como estes.

A mentira ocupa tamén un lugar central na película. Ter que mentir todo o tempo e posuír unha identidade con máis capas ca unha cebola é o pan de cada día destas persoas. Cando tes que vivir cunha identidade falsa, traballar cunha identidade falsa e mesmo solicitar papeis cunha historia falsa, nin sequera podes dicir aos teus amigos toda a verdade sobre todo. Nunca podes ser completamente ti mesmo, e ese é un dos principais retos psicolóxicos, por riba das dificultades materiais que obviamente entraña o proceso, como a explotación, os problemas de aloxamento etc.

Trataches de non caer no maniqueísmo cos personaxes que se cruzan no camiño de Souleymane, verdade? Non quería que houbera ningún vilán na historia. A persoa que o entrevista para no proceso de solicitude de asilo é alguén que sente empatía, pero que se rexe polas normas da súa institución. Os policía son un pouco parvos, pero tampouco son uns racistas violentos. O único que temos é un dono de restaurante cabrón ao que eu interpreto e unha clienta problemática á que interpreta a miña filla, pero mesmo eles teñen as súas razóns.

Publicado en cineuropa.org